

ACTA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA ANPA DO CEIP San Clemente

Persoas convocadas	Asociados/as da ANPA CEIP SAN CLEMENTE						
Lugar de reunión	Patio cuberto do CEIP San Clemente		Ordinaria	X	Extraordinaria		Urxente
Nº reunión	2_25/26	Data	25/06/2026	Hora Inicio	19:30	Hora remate	20:12
Secretaria	Milagros Iglesias González						
Asistentes	Sete persoas da xunta directiva. A asemblea comeza con 16 persoas asociadas e remata con 15.						

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Tras a lectura da acta, o anterior secretario solicita que conste expresamente que, durante a asemblea, informou da existencia dun importe pendente de cobro de 2.500 euros correspondente á subvención municipal do curso 2023-2024. Indica igualmente que a Xunta Directiva descoñecía esta situación, xa que actuaba conforme a unha información facilitada polo tenente de alcalde, que posteriormente se comprobou que non era correcta.

A acta queda, finalmente, aprobada.

2.- Memoria de actividades desenvolvidas durante o curso 2025/2026

No presente curso mantivéronse varias das actividades extraescolares que xa se viñan desenvolvendo o curso anterior, como patinaxe, inglés e pintura. Ademais, a actividade de judo foi substituída por hapkido e incorporáronse dúas novas propostas: baile e robótica.

Preguntada pola participación nas actividades extraescolares, a tesoureira informa de que baile contou con 9 participantes ao inicio do curso e 7 ao seu remate; patinaxe, con 16 e 26 respectivamente; inglés, con 18 e 16; robótica, con 18 e 12; e pintura, con 14 e 11 participantes. Así mesmo, sinala que a actividade de hapkido mantivo unha participación estable de 5 alumnos/as durante todo o curso.

3.- Presentación e aprobación, se procede, do estado de contas do exercicio 2025/2026

Preséntase á Asemblea o estado de contas da ANPA, que se incorpora como Anexo I da presente acta. Durante a súa exposición realízanse dúas correccións ao documento: substitúese a referencia a «Erasmus» por «Excursión de 6.º curso» e incorpórase a subvención SI449B (axudas económicas ás ANPA destinadas á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á prevención e loita contra a violencia cara ás mulleres), por importe de 2.627,25 €.

En relación con esta última, o anterior secretario informa á Asemblea da concesión da mencionada subvención e dáse lectura ao proxecto presentado ao abeiro da devandita convocatoria, explicando que a intención da ANPA é propoñer a súa incorporación á Programación Xeral Anual (PXA) do centro para o vindeiro curso escolar.

Na lectura do resumo das actuacións previstas no proxecto subvencionado, indícanse as actividades propostas e as persoas destinatarias. O resumo do programa incorpórase a continuación:

Actividade	Destinatarios	Nº sesións
Contacontos coeducativos	Educación Infantil	2 sesións
Espectáculo musical participativo <i>Cambia o conto</i>	Infantil + 1º ciclo Primaria	2 pases
Espectáculo musical <i>Lúa triangular: Nada é imposible</i>	Infantil + 2º ciclo Primaria	2 pases
Obradoiros “Igualdade no día a día”	Educación Primaria	3 sesións (1 por ciclo)
Obradoiro de educación afectivo-sexual	3º ciclo de Educación Primaria	1 sesión
Escola de familias pola igualdade	Familias	3 sesións

Cando se informa da obtención da subvención de Corresponsables, algunhas familias solicitan que os fondos se empreguen para devolver os custos do Plan Madruga do curso que acaba de rematar. Infórmaselles de que a proposta presentada abrangue actividades de conciliación entre o mes de xuño e o 30 de novembro.

Entre as novidades que a directiva pretende implantar con esta axuda está a posta en marcha dunha actividade gratuítade apoio ao estudo.

Apróbanse as contas.

4.- Presentación do orzamento e dos proxectos previstos para o curso 2026/2027

O orzamento do vindeiro curso estará baseado nas cifras que se recollen no Anexo I.

Preguntados polo alumnado do centro, respóndese que —á espera da confirmación no Consello Escolar da semana seguinte— o número de crianzas matriculadas a finais do curso 2025-26 é de 119, dúas máis que as que comezaban o curso en setembro. O alumnado asociado á ANPA ascende a 104, procedente de 77 familias.

5.- Comunicación da dimisión dunha vogal da Xunta Directiva

Oficialízase a dimisión de Jenifer Simaes Espantoso. Celebrarase a continuación unha Asemblea Extraordinaria para nomear a persoa substituta.

6.- Rogos e preguntas.

Non se formulan rogos nin preguntas.

Vanesa Aboy Portela
(Presidenta)

Milagros Iglesias González
(Secretaria)